



No Campionato Provincial de Caza Menor disputado o pasado fin de semana en Xinzo de Límia

### FRANCISCO VÁZQUEZ PROCLAMÁBASE CAMPIÓN PROVINCIAL

Francisco Vázquez, da Sociedade de Caza *Lobios*, con 8 pezas e 1400 puntos proclamábase campión provincial de Ourense, na modalidade de Caza Menor con Can, disputado no tecor da sociedade de cazadores Xinzo de Límia o pasado día 4 de novembro, baixo a organización da Federación Galega de Caza en Ourense.

Segundo foi, Rubén Martínez da Sociedade *Cartelle*, que cobraba 5 pezas (1000 puntos), seguido de José Antonio Calvo da Sociedade *O Irixo*, con 2 pezas (300 puntos) que foi terceiro, e cuarto Alberto Rodríguez da Sociedade *San Torcato Cidade*, con 2 pezas (300 puntos).

Na competición participaron 13 cazadores da provincia, que cobraron un total de 19 pezas, principalmente pasallás.

Ao remata-la competición procedeuse á clausura da mesma e entrega de premios, á que asistiron, entre outras autoridades, o Presidente Provincial da FGC en Ourense, José Luis Leites; e o Presidente da Sociedade organizadora, Manuel Feijoo. Cabe subliñar tamén presenza neste acto do actual campión do mundo de caza San Huberto, o ferrolán José Sanmartín.



O Campión, Francisco Vázquez



O campión recibe o premio de mans do Presidente da FGC en Ourense, Don José Luis Leites

GABINETE DE COMUNICACIÓN  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)